



GUÍA DOCENTE DE **HARMONÍA E CONTRAPUNTO I-IV**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO, E POLO
DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: HARMONÍA E CONTRAPUNTO I-IV										
ESPECIALIDADE	Interpretación Pedagogía Produción e xestión							ITINERARIO	Todos, agás Jazz Xeral e da linguaxe musical ---	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Composición	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.	2	2	2	2					Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Adquisición de coñecementos que faciliten a percepción, a interpretación, a reflexión e a documentación musical. Estudo do repertorio e do seu contexto estilístico. Desenvolvemento do oído, da escoita, da memoria e da intelixencia musical. Práctica escrita e instrumental dos diferentes elementos e procedementos harmónicos e contrapuntísticos propios dos distintos períodos da historia da música
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Para os cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X8, X10, X11, X13, X15, X21, X22, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI6, EI7, EP1, EP3, EPX5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, e no 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer os principais elementos e procedementos harmónico-contrapuntísticos (e a súa relación cos diferentes procesos compositivos) dende o Renacemento ate o s.XX.	T2,T3,T4, X1,X8,X11, X13, X15, X23, EI6, EP1, EP3.
Desenvolver a capacidade de comprensión dos diferentes procedementos e estilos en partituras e alcanzar unha base sólida nos coñecementos teóricos da Harmonía e o Contrapunto.	T1, T2, T3, T4, X1, X2, X8, X10, X13, X21, X22, EI6, EI7, EP1, EP3
Lograr destreza na realización harmónica e contrapuntística	T2,T3,T4,X1,X13,X21, X22, EI7, EPX5.
Coñecer as interrelacións formais entre partes dunha obra en base ás relacións harmónicas existentes.	T1, T2, T3, T4, X1, X10, X21, EI6, EP1, EP3
Desenvolver a capacidade de interpretación con base nos procedementos harmónicos estudados e tocar nun instrumento polifónico os traballos realizados.	T1, T2, T3, T4, X1, X2, X8, X21, X22, EI7, EPX5.



Identificar auditivamente os procedementos harmónicos e contrapuntísticos aprendidos e analizados.	T1, T2, T3, T4, X1, X8, X10, E16, EP1, EP3, EPX5
--	--

4. CONTIDOS

Contido xeral da disciplina: Estudo teórico-práctico dos principais elementos e procedementos harmónico-contrapuntísticos (e a súa relación cos diferentes procesos compositivos) dende o Renacemento ate o s.XX, mediante a realización de exercicios de estilo, melodías acompañadas, harmonizacións vocais e instrumentais, exercicios de contrapunto, etc. empregando a análise de exemplos representativos das diferentes épocas e estilos e a interpretación no piano dos traballos realizados.

(A temporalización por cuadrimestres está recollida na correspondente Programación da disciplina)

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Traballo persoal	Presencial e Non presencial	Todo o cuadrimestre
Actividades de avaliación	Presencial e Non presencial	Ao remate de cada contido e do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación preferentemente será continua* e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente a ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.